

**“Visita á Ribeira Sacra.
Entre as Carballeiras de San Pedro de Rocas
e os Canóns do Sil.”
Ecoloxía, antropoloxía, xeoloxía e historia**

25 e 26 de xaneiro de 2020

PROGRAMA

Sábado, 25

9h **Saída**

O punto de encontro será a saída da autovía 294, Pontearreas.

10,30h **Ruta “Bosques de San Pedro de Rocas”**

Ruta linear-circular. 10 Km

Dificultade, baixa a moderada

Altitude. 560m-820m

Ruta de elevado impacto xeolóxico, ecolóxico, antropolóxico e histórico-arquitectónico.

Ante a mesta cuberta forestal e as cristas graníticas que acó e acolá furan as reboleiras montanas, a intriga e o presentimento convértense devagar nun achado singular que se remonta ao século VI. Mais antes da visita ao mosteiro, a ecoloxía está ben representada por fermosas reboleiras montanas puras - nas que destacan a abondosa variedade de liques- que contrastan, sorprendentemente, con bosques máis atlánticos e temperados colinos.

Fermosa.

Durante o percorrido, realizaremos unha **visita dinamizada** ao Mosteiro.

17h **Hospedaxe**

21,30h **Cea**

Domingo, 26

9,30h **Ruta “O Canón do Sil”**

Ruta circular. 9km

Dificultade, moderada

Altitude. 300m-800m

Unha das rutas máis vitais e vistosas da Ribeira Sacra. Ecosistemas boscosos variados onde aparecen os escasos e lindos erbededos; os castiñeiros afástanse dos soutos e son comúns o pradairo, nas zonas máis altas e húmidas, e a sobreira nas máis térmicas, xunto das aciñeiras. Son abondosas as rebolas.

Salientan, tamén, os socalcos de mencia e godello con acolledoras casas de cachotaría salferidas nas encostas. Próximo está o Mosteiro de Santa Cristina.

Para non perdermos..

16,30h **“A alfarería Niñodagua. Elaboración de pezas en torno”**

Nun espazo dedicado ao obradoiro de pezas e á exposición, ollaremos o vidro amarelo de cántaras ou pucheiras para a conservación do viño, das nateiras para o leite.

Saberemos a través do torneado, das diferentes coccións, temperaturas, tempos e esmaltados, e enfeites dun dos últimos redutos do oficio oleiro galego.

17,30h **Remate**